

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Bases da convocatoria de subvencións para Escolas Deportivas para a tempada 2014-2015. Orzamento municipal 2014.

Bases da convocatoria de subvencións para Escolas Deportivas para a tempada 2014-2015. Orzamento municipal 2014.

1.-Finalidade e obxecto da subvención

Conforme co disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local; Lei 5/1997, da administración local de Galicia; Lei 38/2003, xeral de subvencións; Real decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento; Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e Bases de execución do orzamento municipal para o 2014, esta convocatoria ten por obxecto regular a liña de subvencións por concorrencia competitiva a Escolas Deportivas, no fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte na nosa cidade.

O período obxecto da subvención abranguerá a tempada deportiva 2014-2015.

Este programa de subvencións imputarase, con cargo á Concellería de Deportes, á aplicación orzamentaria **05004-3411-48000** por un importe total de **15.000€**.

2.- Entidades solicitantes e requisitos

As entidades deportivas solicitantes deberán cumprir os **seguintes requisitos**:

- a) Estar inscritos no Rexistro de Asociacións Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia así como no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol (antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes).
- b) Non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- c) Cumprir os requisitos da convocatoria de concesión de subvencións.
- d) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas coa tributarias (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.

Quedarán **excluídas** desta convocatoria e non serán obxecto da subvencións, as seguintes entidades:

- Aquelas entidades que teñan recollido a través de convenios para a tempada 2014 – 2015 ou ano 2014 a obriga de ter unha escola deportiva.

3.- Condicións da concesión

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as ditas solicitudes de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria, e co límite orzamentario dispoñible.

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a información (impresa, informática e/ou audiovisual) que se faga das actividades subvencionadas e na súa páxina web.

Asemesmo deberán facilitar ás persoas que designe o Concello de Ferrol a inspección e documentación da actividade, así como observar as indicacións técnicas que lle fagan sobre o desenvolvemento das mesmas.

4.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes das subvencións dirixiranse á Alcaldía do Concello de Ferrol, no modelo que figura como anexo I a estas bases, e presentaranse no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude poderá presentarse no rexistro xeral do Concello ou en calquera outros rexistros e/ou oficinas aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.- Documentación

Os solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- **Documentos** que acrediten a **identidade** do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia do DNI, do CIF e documentación acreditativa da representación).
- **Solicitude de subvención** que se formalizará no modelo de instancia que figura como (**anexo I**)
- **Proxecto** da Escola deportiva cos seguintes contidos mínimos
 - 3.1. Título do proxecto
 - 3.2. Obxectivo xeral
 - 3.3. Obxectivos específicos
 - 3.4. Descrición das actividades a realizar pola escola deportiva.
 - 3.5. Calendario de actividades.
 - 3.6. Número de participantes da escola, relación nominal, así como anos de nacemento dos mesmos.
 - 3.7. Relación nominal de monitores-adestradores que estean ao fronte de cada unha, con expresión da titulación de cada un deles. Deberán entregar unha fotocopia do título deportivo
- **3.8. Orzamento (anexo II)** Detalle por conceptos dos ingresos e gastos da actividade durante a temporada 2014-2015. No apartado de ingresos figurará a axuda solicitada. No de gastos, tanto para a valoración como para a xustificación da subvención, admitiranse soamente as partidas e os límites que a continuación se especifican.
 - 3.8.1. GASTOS DE PERSOAL (monitores): máximo 120 €/mes/monitor.
 - 3.8.2. MATERIAL DEPORTIVO.
 - 3.8.2.1. Escolas con 50 participantes ou inferior: máximo de 300 €.
 - 3.8.2.2. Escolas con mais de 50 participantes:máximo de 400 €.
 - 3.8.3. GASTOS DE ADMINISTRACIÓN
 - 3.8.3.1. Escolas con 50 participantes ou inferior: máximo de 200 €.
 - 3.8.3.2. Escolas con mais de 50 participantes: máximo de 250 €.
 - 3.8.4. SEGURO de responsabilidade civil e de accidentes: máximo 250 €.
- **Compromiso de colaboración e de uso da linguaxe.** Compromiso de publicitar a colaboración do Concello de Ferrol e de utilizar, preferentemente, o Galego como lingua vehicular.
- Declaración de **solicitude doutras axudas** e subvencións para a realización do mesmo proxecto e se estas foron concedidas ou están pendentes de resolución, concepto e contía das mesmas (Anexo III)
- **Acreditación** de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Facenda Estatal, Autonómica e Local así como coa Tesourería da Seguridade Social. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006 a presentación de declaración responsable substituirá a destas certificacións no casos daquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3000 €.
- Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións da Administración Pública, como recolle o Artigo 13 da Lei 38/2003.

As declaracións responsables deberá ser asinadas polo Presidente/a da entidade solicitante ou persoa habilitada a tal efecto.

A documentación que se presente deberá ser **orixinal ou copia compulsada**.

De conformidade co art. 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderanse omitir os documentos que xa fosen achegados con anterioridade e cuxo prazo de validez non expire, substituíndoos por unha declaración na que se especifique que os mesmos non foron modificados dende a súa presentación no Concello de Ferrol e a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Deportes requirirá ao interesado para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de **10 días hábiles** coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos términos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.- Comisión de valoración e resolución das solicitudes

A concesión das subvencións realizarase, mediante un réxime de concorrencia competitiva, e será aprobada por resolución da Concelleira delegada de área, despois da proposta motivada da comisión avaliadora correspondente.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: Concelleiro/a delegada da Concellería de Deportes, que poderá ser coincidente con outros representantes; ou concellería en quen delegue se é o caso.
- Concelleiro/a delegado de Participación Cidadá.
- Un representante de cada grupo municipal.
- Dous representantes de entidades deportivas, inscritas no Rexistro Municipal (extinguido Patronato Municipal de Deportes), elixidos/as por sorteo.
- Coordinadora municipal de actividades deportivas, que actuará como secretaria da comisión de valoración.

A comisión informativa correspondente a área que fai a convocatoria, deberá **ditaminar** a proposta efectuada pola comisión de valoración para a súa elevación ao órgano competente de aprobación.

7.- Criterios de avaliación das solicitudes

A contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van a realizar, ponderando segundo os seguintes criterios:

7.1.- Número de participantes totais. (Ata 15 puntos).

Tomarase como máximo (15 ptos) o maior número de alumnos presentado polas entidades concorrentes. Para a baremación dos puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularase a parte proporcional dos puntos con base aos alumnos presentados.

7.2.- Acreditación do nº de alumnos na Escola con algunha eiva física, psíquica ou sensorial. (Ata 5 puntos).

Outorgarase os 5 puntos ás entidades que acrediten que teñen 1 ou máis alumnos con algún tipo de eiva física, psíquica ou sensorial.

7.3.- Titulación dos monitores-adestradores que impartan as ensinanzas. (Ata 5 puntos).

Para a baremación deste criterio será preciso presentar a documentación acreditativa de cada titulación.

- Adestradores nacionais, licenciados ou graduados en Ciencias da actividade física e do deporte.
 - Nº de titulados x **5 ptos**
- Adestradores rexionais, territoriais ou Diplomados ou graduados en Educación Física
 - Nº de titulados x **3 ptos**
- Monitores básicos ou TAFAD
 - Nº de titulados x **2 ptos**
- Delegados, Colaboradores, auxiliares
 - Nº de titulados x **1 pto**

7.4.- Titulación do coordinador responsable da Escola deportiva (Ata 5 puntos.)

Para a baremación deste criterio será preciso presentar a documentación acreditativa de cada titulación.

- Adestradores nacionais ou licenciados ou graduados en Ciencias da Actividade física e do deporte.
 - Nº de titulados x **5 ptos**
- Adestradores rexionais, territoriais ou Diplomados ou graduados en Educación Física
 - Nº de titulados x **3 ptos**
- Monitores básicos ou TAFAD
 - Nº de titulados x **2 ptos**

- Delegados, Colaboradores, auxiliares
 - Nº de titulados x 1ptos

7.5.- Horario semanal e programa de actividades. (Ata 10 puntos)

Tomarase como máximo (10 pto) o número de horas mais alta presentada polas entidades. Para a baremación dos puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularase a parte proporcional dos puntos en base as horas das Escolas.

7.6.- O gasto do seguro de responsabilidade civil e accidentes será considerado ata unha contía máxima de 250 €

O importe da subvención será proporcional á suma da puntuación obtida da aplicación do anterior baremo máis o importe do seguro de responsabilidade civil. No caso de que un club desenvolva mais dunha Escola, o baremo se lle aplicará independentemente a cada unha.

En ningún caso o importe da axuda municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións e os ingresos propios da escola deportiva supere o custo das actividades a desenvolver polo beneficiario.

8.- Notificación e publicidade da resolución

As subvencións concedidas publicaranse a efectos informativos no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ferrol.

O prazo máximo no que debe de notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios. O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. En concordancia co que dispón o artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste concello, no termo dun mes a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo correspondente.

9.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria

As comunicacións entre a persoa ou entidade adxudicataria e o Concello de Ferrol deberán realizarse en galego, así e como a difusión de resultados relativos ao proxecto e os seus produtos, en cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística de 1997.

10.- Xustificación das subvencións

As entidades que reciban subvencións están obrigadas a facilitar os datos que lle sexan solicitados polo Concello de Ferrol.

Unha vez notificada a contía pola que se concede a subvención os clubs ou entidades deportivas beneficiarias deberán xustificar o 100% do importe concedido.

A documentación xustificativa deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello con data máxima **15 de xuño de 2015** sen que sexa posible a ampliación do prazo de xustificación (Non cabe prórroga).

10.1.-No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de **dez días hábiles**. Poderá, se fose necesario, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin. No caso de que o importe xustificativo sexa unha cantidade inferior á que deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Ferrol reducirase proporcionalmente. **Transcorrido este prazo sen que os documentos tiveran entrada no Rexistro Xeral deste Concello, o/a beneficiario/a perderá o seu dereito a percibir a subvención non xustificada.**

10.2.-De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días hábiles.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará á perda da subvención.

A presentación da xustificación neste prazo adicional conlevará unha minoración automática do 25% do importe correctamente xustificativo. Esta penalización automática aplicarase asemade no suposto de presentación da documentación xustificativa no período comprendido entre a finalización do prazo inicial de xustificación e a notificación do prazo adicional ao que se refire o parágrafo primeiro deste punto.

A xustificación deste convenio realizarase de conformidade co establecido, con carácter xeral, no art. 72 do RD 887/2006 por medio da "conta xustificativa" que pola natureza deste convenio constará da seguinte documentación:

1. **Memoria deportiva da totalidade da actividade** realizada xustificativa do cumprimento do obxecto do convenio así como a indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Asemesmo presentarase unha declaración responsable asinada polo Presidente, na que se exprese, baixo a súa responsabilidade ter cumprido o programa de actividades.
2. Memoria **económica xustificativa** que inclúa:
 - 2.1. Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo **importe total** da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento).
 - 2.1.1. En cada factura/doc. acreditativo do gasto deberá constar unha estampilla na que exprese que se trata dun gasto financiado polo Concello de Ferrol ao abeiro **da subvención para Escolas deportivas para a tempada 2014 - 2015** xunto coa porcentaxe de financiamento
 - 2.1.2. Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia **asinada polo responsable**:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvección de do ano”
 - 2.2. Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - 2.2.1. No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario;
 - 2.2.2. No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
 - 2.2.3. Excepcionalmente admitirase a xustificación do pagamento do gasto mediante a presentación de *Recibís*, previa xustificación de que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto e atendendo prioritariamente á contía do pago.
 - 2.3. Relación clasificada dos gastos da actividade (os gastos referiranse á tempada 2014-2015 e estarán relacionados directamente coa actividade obxecto do convenio) con identificación de: acreedor do documento, o seu importe, porcentaxe do gasto imputado á subvención, data de emisión e data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (Anexo V)
 - 2.4. Declaración Xurada sobre a obtención doutras axudas ou solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade de calquera outra Administración pública ou de particulares ou de entidades privadas. De ser o caso, declaración xurada de non ter solicitada nin concedida ningunha subvención para o mesmo fin.
 - 2.5. Acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Facenda Estatal, Autonómica e Local así como coa Tesourería da Seguridade Social. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006 a presentación de declaración responsable substituirá a destas certificacións no casos daquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3000 €.
 - 2.6. Certificado da entidade financeira na que se desexa se lle aboe o importe da subvención, na que figure o IBAN e os vinte díxitos do código conta cliente, e na que se acredite que a dita conta corresponde á entidade beneficiaria.
 - 2.7. Proba do cumprimento das obrigas de publicidade a través da achega de documentos gráficos nos que conste a publicidade do financiamento do Concello de Ferrol.
 - 2.8. Declaración de non estar incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións da Administración pública, como recolle o Artigo 13 da Lei 38/2003.

No caso de que o importe xustificado sexa unha cantidade inferior á que deba xustificar, o importe que pagará o Concello de Ferrol limitarase ao correctamente xustificado.

11. Gastos subvencionables

Admitiranse soamente as partidas e os límites que a continuación se especifican:

a) GASTOS DE PERSOAL (monitores): máximo 120 euros/mes/monitor

- a. *Recibís*. Aceptaranse como xustificantes de gasto recibos de monitores, adestradores ou coordinadores nos que figuren con claridade o nome e apelidos do receptor, o seu DNI, a cantidade percibida e o concepto da mesma, así coma a **retención a aplicar**.

De conformidade coa Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, e para aquelas entidades inscritas, aceptaranse recibís como medio para acreditar a efectividade dos gastos ocasionados no desenvolvemento da acción voluntaria do voluntario/a así como a natureza de reembolso dos gastos que esta acción lles causou. Figurarán con claridade o nome e apelidos do receptor (monitores, adestradores ou coordinadores), o seu DNI, a cantidade percibida e o concepto da mesma .

b. *Nóminas*.

c. *Facturas* por prestación de servizos de monitoraxe.

b) MATERIAL DEPORTIVO.

a. Escolas con 50 participantes ou inferior: máximo de 300 euros.

b. Escolas con máis de 50 participantes:máximo de 400 euros.

c) GASTOS DE ADMINISTRACIÓN

a. Escolas con 50 participantes ou inferior: máximo de 200 euros.

b. Escolas con máis de 50 participantes: máximo de 250 euros.

d) SEGURO de responsabilidade civil e de accidentes: máximo 250 euros.

12.-Obrigas das entidades beneficiarias

As obrigas das entidades son as recollidas na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, na presente convocatoria e no Convenio regulador que se asine ao efecto.

13.- Control financeiro das subvencións

Este control realizarase consonte co disposto no art. 44 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira

En todo o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral, Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ferrol para o exercicio de 2014; na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Entidades do Concello de Ferrol.

Disposición final

A presente convocatoria entrará en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, de 25 de abril de 2014

A concelleira delegada da área de Cultura, Educación, Deportes e Turismo

A coordinadora de actividade deportivas

Cristina Muñiz Lamadrid

Anexo 1

Subvención a Escolas deportivas para a Tempada 2014 – 2015. Orzamento municipal do ano 2014

Dcon D.N.I. nº,
 como Presidente do Club ou Entidade Deportivacon
 número de rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte, e número no Rexistro Municipal de Entidades
 Cidadás do Concello de Ferrol (antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes),
 sendo o seu domicilio social en

SOLICITA

Que sexa admitida a trámite a solicitude para a Subvención a Escolas deportivas para a tempada 2014 – 2015 con cargo o orzamento municipal do ano 2014.

DECLARO

Baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos que constan na presente solicitude, así como na documentación que se acompaña. (Marcar cunha X o que proceda)

- No caso de non estar en posesión do Concello de Ferrol, **documentos** que acrediten a **identidade** do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia do DNI, do CIF e documentación acreditativa da representación).
- Proxecto** da Escola deportiva cos seguintes contidos mínimos:
 - Título do proxecto
 - Obxectivo xeral
 - Obxectivos específicos
 - Descrición das actividades a realizar pola escola deportiva.
 - Calendario de actividades.
 - Número de participantes da escola, relación nominal, así como anos de nacemento dos mesmos.
 - Relación nominal e expresión da titulación de cada un dos monitores-adestradores que estean ao fronte de cada escola deportiva. Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia do título deportivo ou mediante certificación expedida pola Federación correspondente.
 - Orzamento: Anexo II
 - Copia compulsada da póliza do SEGURO de responsabilidade civil e de accidentes.
- Compromiso de colaboración e de uso da linguaxe.** Compromiso de publicitar a colaboración do Concello de Ferrol e de utilizar, preferentemente, o Galego como lingua vehicular.
- Declaración de **solicitude doutras axudas** e subvencións para a realización do mesmo proxecto e se estas foron concedidas ou están pendentes de resolución, concepto e contía das mesmas (Anexo IV)
- Acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario coa Facenda Estatal, Autonómica e Local así como coa Tesourería da Seguridade Social. Conforme co artigo 24.4 do RD 887/2006 a presentación de declaración responsable substituirá a destas certificacións no casos daquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3000 €.
- Declaración responsable** de que a persoa ou entidade solicitante non concorre en ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiaria de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Importe solicitado da subvención: euros

En Ferrol a do do 2014.

Asdo. D./D^a.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

Anexo II
ORZAMENTO

INGRESOS	IMPORTE	GASTOS	IMPORTE
TOTAL INGRESOS		TOTAL GASTOS	

Ena dede 2014

Asdo

Anexo III

D/D^a....., con DNI nº.....,

Presidente do Club, declaro baixo xuramento:

Que o Club, con CIF.....non está incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións, como recolle o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Ferrol adede

O/A Presidente

Anexo IV

DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS
PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU PRIVADA

ENTIDADE	DESCRICIÓN DO TIPO DE SUBVENCIÓN OU AXUDA	C/S*	IMPORTE

*C/S, indicase se foi concedida (C) ou solicitada (S)

NON FORON SOLICITADAS NIN CONCEDIDAS OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS

Lugar e data

Ferrol a de de 2014

Asdo.: D/Dª

Anexo V

RELACION CLASIFICADA DE GASTOS DA ACTIVIDADE

ENTIDADE:

SUBVENCIÓN / EJERCICIO:

SUMA DE GASTO:

Tipo de gasto ¹	Acreedor (nome, razón social, apelidos CIF/NIF)	Nº factura	importe	% do gasto	Data de emisión	Data de Pagamento
TOTAL						

Ena dede 2014

O/A SECRETARIO

Ve PR O/A PRESIDENTE

- ¹
- a) GASTOS DE PERSOAL (monitores): máximo 120 euros/mes/monitor.
 - a. *Recibís.* Aceptaranse como xustificantes de gasto recibos de monitores, adestradores ou coordinador nos que figuren con claridade o nome e apelidos do receptor, o seu DNI, a cantidade percibida e o concepto da mesma, así coma a retención a aplicar
 - b. *Nóminas.*
 - b) MATERIAL DEPORTIVO.
 - a. Escolas con 50 participantes ou inferior: máximo de 300 euros.
 - b. Escolas con máis de 50 participantes:máximo de 400 euros.
 - c) GASTOS DE ADMINISTRACIÓN
 - a. Escolas con 50 participantes ou inferior: máximo de 200 euros.
 - b. Escolas con máis de 50 participantes: máximo de 250 euros.
 - d) SEGURO de responsabilidade civil e de accidentes

Susana Martínez Galdós

Concelleira de Deportes, Educación e Festas

2014/9624